



SERVIZO DE PLANEAMENTO E XESTIÓN URBANÍSTICA
NEGOCIADO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO
Rúa García Mosquera, núm.19
32005 – Ourense
Tel. 988388104

Cod. Exp. 2011002613

TEXTO:

Anuncio polo que se lle da publicidade á parte dispositiva da sentenza 00587/2016, de seis de outubro de 2016, pronunciada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Visto pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o procedemento ordinario 4577/2011 en relación co Decreto 187/2011 da Xunta de Galicia, de 29 de setembro, polo que se suspende parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ourense e aprobase a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, interposto pola "SOCIEDAD ANÓNIMA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA", se ditou sentenza 00587/2016, de seis de outubro, pola que estimase o recurso contencioso-administrativo interposto.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 72 e 107 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e co fin de levar a puro e debido efecto a dita sentenza, resolvese dar publicidade a su parte dispositiva, que a seguir se transcribe:

"Estimamos parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto pola "SOCIEDADE ANÓNIMA DE OBRAS E SERVIZOS, COPASA", contra a disposición indicada no primeiro fundamento desta sentenza, que anulamos, por ser contraria a Dereito. Non se fai imposición das costas do recurso.

Contra esta sentenza cabe interpor, ben ante o Tribunal Supremo, ben ante a correspondente Sección desta Sala, o recurso de casación previsto no artigo 86 da Lei xurisdiccional, que haberá de prepararse mediante escrito a presentar nesta Sala no prazo de trinta días e cumprindo os requisitos indicados no artigo 89.2 de dita lei."

Así mesmo a sección segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditou auto no senso de inadmitir a trámite o recurso de casación núm. 116/2016 preparado pola Xunta de Galicia e o Concello de Ourense contra a sentenza 00587/2016, de seis de outubro de 2016, pronunciada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ourense, 19 de abril de 2017
O ALCALDE-PRESIDENTE
Asdo. Jesús Vázquez Abad